

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	A Estrada	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Matemáticas	1º ESO	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

Na elaboración desta programación didáctica tómase como referencia o decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A contorna na que se atopa o IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez, situado na Estrada, e as características que o conforman influirán de xeito importante na práctica docente. As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Concretamente o curso de 1º de ESO forma parte do proxecto E-Dixgal da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo que o alumnado conta cun equipo informático portátil e as aulas dos grupos están dotadas co equipamento propio do proxecto.

No 1º curso da ESO deste centro educativo hai 3 grupos de 1º de ESO compostos por 21 alumnos e alumnas cada un deles.

O feito de poder distribuír ao alumnado en 3 grupos foi valorado moi positivamente dende o departamento de Matemáticas, especialmente tendo en conta as características do alumnado que se incorpora ao ensino secundario e concretamente as necesidades educativas do alumnado destes grupos

Neste curso 2023-24 contamos inicialmente con 10 alumnas e alumnos con Necesidades Educativas Especiais (NEE); concretamente un alumno con altas capacidades, catro alumnas/os diagnosticados con TDAH, un alumno con TEL e catro con Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA). Ademais contamos con tres alumnas/os pendentes de valoración psicopedagóxica ou aportación de informes persoais.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.			1-2-3-4	2	5		3	4
OBX2 - Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.			1-2	2	4	3	3	
OBX3 - Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.	1		1-2	1-2-5			3	
OBX4 - Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.			1-2-3	2-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.			1-3	2-3				1
OBX6 - Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicarlos en situacións diversas.			1-2	3-5		4	2-3	1
OBX7 - Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.			3	1-2-5			3	4
OBX8 - Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.	1-3	1	2-4	2-3			3	3
OBX9 - Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxec			5		1-4-5		2	3
OBX10 - Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matem	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números naturais. Divisibilidade	Nesta unidade, de carácter fundamental para as restantes do bloque de aritmética, trabállanse as operacións con números	11	21	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Números naturais. Divisibilidade	naturais e a súa xerarquía, especialmente as potencias e as súas propiedades. Resólvense problemas con este tipo de números e propiedades. Así mesmo, trabállase e préstase especial atención á descomposición de números naturais en factores primos e á obtención do mcm e do MCD, así como á súa interpretación e aplicación en problemas contextualizados.	11	21	X		
2	Números enteiros	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo das operacións con números enteiros, respectando a xerarquía das operacións e á resolución de problemas contextualizados mediante o uso deste tipo de números.	11	12	X		
3	Números fraccionarios e números decimais.	Nesta unidade trabállanse as operacións con números fraccionarios e con números decimais, respectando a xerarquía das operacións e resólvense problemas contextualizados mediante o uso deste tipo de números.	11	21	X		
4	Magnitudes, proporcionalidade e porcentaxes	Nesta unidade trabállase o concepto de magnitude, as diferentes unidades de medida e o uso axeitado das mesmas na resolución de problemas. Así como os cambios de unidades dentro das diferentes magnitudes. Unha vez incorporado o concepto de magnitude abórdanse os conceptos de proporción e magnitudes directamente proporcionais. Introdúcense as porcentaxes en relación directa co concepto de proporción e ligadas aos números decimais presentados na unidade anterior. Préstarase especial atención á aplicación destes contidos na resolución de problemas contextualizados.	11	18		X	
5	Álgebra	O desenvolvemento desta unidade está orientado á introdución á linguaxe alxébrica, o concepto de ecuación e á resolución de ecuacións sinxelas de primeiro grao, así como á resolución de problemas alxébricos contextualizados.	11	13		X	
6	Xeometría no plano	Nesta unidade introducímonos na xeometría e abórdanse conceptos clave para o desenvolvemento da mesma como os conceptos de punto, recta e polígono. Así como a clasificación das figuras xeométricas e as súas propiedades. Abórdanse tamén o concepto de perímetro e área, deducindo o cálculo destas últimas	11	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Xeometría no plano	nas figuras elementais ou construcións baseadas nelas. Dentro das figuras curvas, farase un repaso dos elementos principais dunha circunferencia e un círculo, así como das fórmulas que nos permiten calcula perímetros e áreas.	11	15		X	
7	Xeometría no espazo.	Nesta unidade abordarase a descrición e clasificación de figuras en tres dimensións, as súas propiedades, descomposición en figuras planas nos casos nos que sexa posible, modelado e representación...	11	10			X
8	Funciós	O desenvolvemento desta unidade está orientado ao traballo das coordenadas cartesianas e ao uso das funcións e das súas representacións para obter información relevante, prestando especial atención á interpretación de gráficas de funcións contextualizadas.	11	11			X
9	Estatística	Nesta unidade trabállanse os conceptos estatísticos fundamentais, as representacións gráficas e a análise e interpretación de táboas e gráficos en contextos que resulten próximos ao alumnado.	11	18			X
10	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	1	1	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Números naturais. Divisibilidade	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de \mathbb{N} e as súas operacións (+, -, x, /, ^ e/ou raíces exactas sinxelas) organizando os datos dados e describindo a xerarquía correcta para a súa resolución.	PE	90
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de \mathbb{N} aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante números naturais.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos e/ou condicións.		
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións entres as matemáticas e outras materias, así como entre as matemáticas e o progreso da humanidade no ámbito dos sistemas de numeración, especialmente o dos números naturais.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Relacións. - Utilización de factores, múltiplos e divisores. Factorización en números primos para resolver problemas, mediante estratexias e ferramentas diversas, incluído o uso da calculadora.

UD	Título da UD	Duración
2	Números enteiros	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de números enteiros e as súas operacións (+, -, x, /) organizando os datos dados e representando a información de modo que permita atopar estratexias para a súa resolución.	PE	100
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de operacións combinadas de Z aplicando a xerarquía de operacións e utilizando a estratexia máis adecuada segundo o tamaño dos números (mental, lapis e papel ou calculadora).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Identificación, comprensión e representación de cantidades con números enteiros. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
3	Números fraccionarios e números decimais.	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Interpreta problemas de operacións elementais (suma, resta, produto ou cociente) e ordenación de fraccións organizando os datos dados e representando a información para facilitar a súa resolución.	PE	90
CA1.2 - Resolver problemas matemáticos mobilizando os coñecementos necesarios e aplicando as ferramentas e as estratexias apropiadas.	Resolve problemas de fraccións e as súas operacións elementais aplicando a xerarquía de operacións e usando a estratexia adecuada segundo o tamaño dos números.		
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións da vida cotiá susceptibles de ser formuladas e resoltas utilizando fraccións comunicando correctamente o proceso matemático inherente.		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos e/ou condicións.	TI	10
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións a entre as matemáticas e outras materias, así como co progreso da humanidade dende un punto de vista numérico, especialmente dos números racionais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo. - Utilización do cálculo para resolver problemas da vida cotiá adaptando a estratexia e o tipo de cálculo ao tamaño dos números. - Cantidade. - Expresión de cantidades mediante números enteiros, fraccións, decimais e raíces cadradas exactas en contextos da vida cotiá coa precisión requirida. - Recoñecemento e aplicación de diferentes formas de representación de números naturais e enteiros, incluída a recta numérica. - Resolución de problemas en diferentes contextos, seleccionando a representación máis adecuada dunha mesma cantidade (natural, enteiro, decimal ou fracción). - Sentido das operacións. - Aplicación de estratexias de cálculo mental para resolver operacións con números naturais, fraccións e decimais. - Identificación e aplicación das operacións con números enteiros, fraccionarios ou decimais útiles para resolver situacións contextualizadas. - Resolución de problemas contextualizados con operacións combinadas de números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais, tendo en conta a xerarquía e aplicando as propiedades adecuadas para realizar os cálculos de maneira eficiente. - Relacións.

Contidos
- Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente.

UD	Título da UD	Duración
4	Magnitudes, proporcionalidade e porcentaxes	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante proporcionalidade e/ou porcentaxes; recoñecendo as magnitudes implicadas, a relación entre elas e as unidades axeitadas a empregar para a estratexia de resolución e a presentación dunha posible solución.	PE	90
CA2.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Formula e comproba conxecturas sobre relacións de proporcionalidade recoñecendo magnitudes directamente proporcionais.		
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas de proporcionalidade directa calculando a constante de proporcionalidade e aplicando a estratexia apropiada. Resolve problemas de porcentaxes empregando o razoamento e algoritmos axeitados, así como interpretando as solucións proporcionadas polos mesmos.		
CA2.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece, dentro da resolución de problemas de proporcionalidade entre magnitudes, a necesidade de empregar coñecementos sobre os diferentes ámbitos numéricos, proporcións etc. Traslada os coñecementos sobre proporcionalidade e números decimais á análise de problemas de porcentaxes.		
CA2.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Emprega, dentro da resolución de problemas de proporcionalidade entre magnitudes, todos os coñecementos sobre os diferentes ámbitos numéricos, proporcións etc		
CA1.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes sinxelas dun problema de proporcionalidade e/ou porcentaxes modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	TI	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade no eido das magnitudes, proporcionalidade ou porcentaxes.		
CA2.5 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa magnitudes e os seus valores empregando diferentes ferramentas e visualizando a relacións entre elas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relacións. - Comparación e ordenación de fraccións, decimais e porcentaxes de maneira eficiente. - Razoamento proporcional. - Comprensión e representación de razóns e proporcións en relacións cuantitativas. - Recoñecemento de magnitudes directamente proporcionais. Cálculo e significado da constante de proporcionalidade directa. - Comprensión e utilización de porcentaxes na resolución de problemas. - Magnitude. - Recoñecemento das magnitudes e das súas diferentes unidades de medida. Uso dos factores de conversión. - Elección das unidades e operacións adecuadas en problemas que impliquen medida. - Estimación de medidas coa precisión adecuada a cada situación.

UD	Título da UD	Duración
5	Álxebra	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprobar a corrección matemática das solucións dun problema.	Comproba a validez numérica das solucións dun problema logo de resolvelo mediante estratexias alxébricas.	PE	85
CA4.2 - Comprobar a validez das solucións dun problema e elaborar respostas coherentes no contexto exposto, avaliando o seu alcance e a súa repercusión desde diferentes perspectivas (de xénero, de sostibilidade, de consumo responsable etc.).	Comproba a coherencia das solucións numéricas logo de resolver o problema mediante estratexias alxébricas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Sintetiza en expresións propias da linguaxe alxébrica os datos dun enunciado posibilitando e facilitando a súa resolución.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Modeliza problemas empregando a linguaxe alxébrica e emprega as operacións básicas con expresións alxébricas para resolvelos, así como as estratexias de resolución de ecuacións.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	É quen de obter expresións alxébricas que describan e modelicen enunciados sinxelos da vida cotiá e viceversa.		
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Emprega a linguaxe alxébrica con propiedade e rigor.		
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variantes dun problema modificando algún dos seus datos.		
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Emprega a linguaxe alxébrica para describir aspectos da vida cotiá introducindo os novos conceptos aprendidos con rigor.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelo matemático. - Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representan situacións reais á linguaxe alxébrica, e viceversa. Cálculo do valor numérico dunha expresión alxébrica. - Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Igualdade e desigualdade. - Uso da álgebra simbólica para representar relacións lineais en situacións da vida cotiá. - Identificación e aplicación da equivalencia de expresións alxébricas na resolución de problemas baseados en relacións lineais. - Procura de solucións de ecuacións lineais. Contextualización das devanditas solucións. - Uso da tecnoloxía para comprobar as solucións dunha ecuación. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos.

UD	Título da UD	Duración
6	Xeometría no plano	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas contextualizados de cálculo de perímetros e áreas de figuras planas de forma eficaz poñendo en práctica os coñecementos adquiridos e establecendo estratexias de resolución baseadas nestes.	PE	85
CA3.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Recoñece os elementos xeométricos básicos en diferentes problemas e emprega os seus coñecementos para elaborar unha representación que lle permita abordar a resolución do problema.		
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Analiza as figuras planas, identificándoas e descompoñendo, nos casos necesarios, en figuras máis sinxelas para aplicar algoritmos de resolución sinxelos.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece a necesidade de empregar tanto os coñecementos do ámbito xeométrico, como os máis propios do ámbito numérico para a resolución de problemas.		
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Emprega tanto os coñecementos do ámbito xeométrico, como os máis propios do ámbito numérico, dun xeito conxunto para a resolución de problemas.	TI	15
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real susceptibles de ser formuladas mediante conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións clasificando correctamente os elementos usados.		
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica as conexións entre este ámbito da matemática e outros ámbitos, especialmente o da arte ou a exehnería.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Emprega diferentes ferramentas, incluídas as dixitais, para a representacións dos diferentes elementos e procedementos xeométricos básicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Medición.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dedución, interpretación e aplicación das principais fórmulas para obter lonxitudes e áreas en formas planas. - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Descrición de figuras planas e dos seus elementos característicos: ángulos, rectas e puntos notables. - Clasificación das figuras xeométricas planas en función das súas propiedades ou características. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Localización e sistemas de representación. - Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
7	Xeometría no espazo.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar problemas matemáticos organizando e relacionando os datos dados e elaborando representacións matemáticas que permitan atopar estratexias para a súa resolución.	Recoñece os principais corpos xeométricos e os seus elementos básicos en diferentes problemas e emprega os seus coñecementos para elaborar unha representación que lle permita abordar a resolución do problema.	TI	100
CA3.2 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas contextualizados sobre corpos xeométricos, apoiándose na súa descomposición en figuras planas, naqueles casos que sexa posible.		
CA3.3 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece a necesidade de empregar tanto os coñecementos do ámbito xeométrico, como os máis propios do ámbito numérico para a resolución de problemas.		
CA3.4 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Recoñece a necesidade de empregar tanto os coñecementos do ámbito xeométrico, como os máis propios do ámbito numérico para a resolución de problemas.		
CA3.5 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real susceptibles de ser formuladas mediante conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmos baseadas en estimacións clasificando correctamente os elementos usados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica as conexións entre este ámbito da matemática e outros ámbitos, especialmente o da arte ou a enxeñería.		
CA3.7 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Emprega diferentes ferramentas, incluídas as dixitais, para a representación dos diferentes elementos e procedementos xeométricos básicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Localización e sistemas de representación. - Localización e descrición de relacións espaciais: coordenadas cartesianas e outros sistemas de representación. Uso de ferramentas tecnolóxicas.

UD	Título da UD	Duración
8	Funcións	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Expor variantes dun problema dado modificando algún dos seus datos ou algunha das súas condicións.	Expón variacións de situacións modelizadas mediante funcións lineais, interpretando a influencia destas variacións na representación da función.	PE	85
CA4.4 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Obtén a expresión alxébrica dunha función lineal a partir dos datos dun enunciado e distingue os diferentes elementos desta.		
CA4.5 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Emprega os coñecementos sobre funcións para resolver problemas logo de obter as correspondentes expresións alxébricas e/ou representacións gráficas.		
CA4.6 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece as relacións lineais en situacións da vida real e representaas a partir da súa expresión alxébrica.	TI	15
CA4.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Comunica información a través da representación de funcións elementais, atendendo e analizando as principais características destas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Emprega con precisión a linguaxe propia das funcións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelo matemático. - Tradución de expresións da linguaxe cotiá que representan situacións reais á linguaxe alxébrica, e viceversa. Cálculo do valor numérico dunha expresión alxébrica. - Uso de modelos matemáticos para representar e comprender situacións da vida cotiá. - Dedución de conclusións razoables sobre unha situación da vida cotiá unha vez modelizada. - Variable. - Comprensión do concepto de variable. Variable dependente e independente. - Relacións e funcións. - Aplicación e comparación das diferentes formas de representación dunha relación lineal. Coordenadas cartesianas. - Identificación de funcións, lineais ou non lineais e comparación das súas propiedades a partir de táboas, gráficas ou expresións alxébricas. - Modelización das relacións lineais en distintas situacións da vida real. - Representación da recta a partir da súa ecuación en problemas contextualizados. - Uso da álgebra simbólica para a representación e a explicación de relacións matemáticas. - Dedución da información relevante dunha función mediante o uso de diferentes representacións simbólicas. - Pensamento computacional. - Xeneralización e transferencia de procesos de resolución de problemas a outras situacións. - Identificación de estratexias para a interpretación e a modificación de algoritmos. - Uso de calculadoras gráficas e software específico para a construción e interpretación de gráficas.

UD	Título da UD	Duración
9	Estatística	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Investigar e comprobar conxecturas sinxelas de forma guiada analizando patróns, propiedades e relacións.	Presenta conxecturas sobre as variables estatísticas a analizar e contrasta, logo de finalizada a análise e tratamento estatística, a validez ou non desas conxecturas.	TI	100
CA5.2 - Recoñecer patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación computacional.	Recolle e organiza datos dunha variable discreta e unha variable continua (agrupándoos en intervalos) e constrúe as correspondentes táboas de frecuencias.		
CA5.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Interpreta e calcula correctamente as medidas de centralización básicas.		
CA5.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Identifica e fai propostas de variables cualitativas, cuantitativas discretas e cuantitativas continuas dentro da súa contorna próxima susceptibles de ser abordadas dentro dun proxecto de traballo estatístico		
CA5.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias, recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica problemas de estatística e probabilidade formulados ou con aplicación nas ciencias sociais ou a economía.		
CA5.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa os datos dados nas diferentes formas de gráfico estatístico.		
CA5.7 - Comunicar información utilizando a linguaxe matemática apropiada para describir, explicar e xustificar razoamentos, procedementos e conclusións.	Escolle e a representación gráfica adecuada en función do tipo de datos proporcionados polo problema e transmite as conclusións do estudo estatístico de xeito claro e preciso, apoiándose nunha linguaxe matemática axeitada.		
CA5.8 - Recoñecer e empregar con precisión e rigor a linguaxe matemática presente na vida cotiá.	Recoñece información estatística recollida en medios de comunicación e outros ámbitos e emprega a linguaxe estatística con precisión e rigor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos. - Concepto de poboación, mostra e individuo. Variables cualitativas e cuantitativas. - Recollida, organización e tratamento de datos de variables unidimensionais. Frecuencias. - Análise e interpretación de táboas e gráficos estatísticos de variables cualitativas e cuantitativas en contextos da vida real. - Elaboración das representacións gráficas máis adecuadas a cada caso para visualizar como se distribúen os datos, interpretalos e obter conclusións razoadas. Uso de procedementos manuais e tecnolóxicos (calculadora, folla de cálculo, programas informáticos)

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medidas de centralización: interpretación e cálculo. - Uso da calculadora e outras ferramentas tecnolóxicas para o cálculo analítico das medidas de centralización, así como a súa interpretación en situacións da vida real.

UD	Título da UD	Duración
10	Matemáticas para a vida en sociedade	1

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante aceptando a crítica razoada ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación. - Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.

Contidos

- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflitos.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaranse distintas metodoloxías, buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe detectados en cada grupo.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo destes coñecementos, cada alumna/o poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introduciranse os contidos a partir de situacións problemáticas onde o alumnado aplicará a resolución de problemas.

Como fundamento da materia de matemáticas, está o feito de valorar o erro como unha forma de aprendizaxe. Valorar o progreso e a aprendizaxe a partir dos erros cometidos implicará un proceso de reflexión e maduración dentro da materia.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principais métodos de ensinanza que se empregarán nesta materia son:

Métodos expositivos

Buscarase unha construción de coñecemento ligada á interacción co alumnado, buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos

Baseándonos na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introdutorias dos diferentes contidos combinaranse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método interrogativo

As preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de

ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual dentro da plataforma EVA-Edixgal
Materiais das diferentes editoriais incorporados á aula virtual da materia dentro do EVA E-Dixgal
Actividades interactivas dentro do EVA E-Dixgal ou en sitios web accesibles para o alumnado
Boletíns de exercicios de práctica, repaso e ampliación sobre dos diferentes contidos tratados en cada unidade.
Software presente no equipo E-Dixgal do alumnado: paquete ofimático, Geogebra, calculadora...
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Materiais manipulativos: dominós de fraccións, porcentaxes, decimais...; corpos xeométricos, figuras xeométricas manipulativas...

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional.

Esta materia está incluída dentro do programa de educación dixital E-Dixgal polo que contaremos cunha aula virtual dentro do EVA E-Dixgal onde estarán os materiais, boletíns de exercicios e foros de comunicación entre o alumnado e o profesorado. Nesta aula virtual, os materiais a empregar combinarán aqueles elaborados polos docentes como os que poñen á disposición as diferentes editoriais que forman parte de E-Dixgal dentro desta materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	11	11	11	1
Proba escrita	90	100	90	90	85	85	0	85	0	0
Táboa de indicadores	10	0	10	10	15	15	100	15	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	69
Táboa de indicadores	31

Criterios de cualificación:

Realizarase unha proba escrita logo de finalizar cada unidade didáctica, é dicir, tres por trimestre. O 80% da nota de cada avaliación estará conformado pola media aritmética das cualificacións das tres probas escritas (ou proxectos, no caso das unidades 7 e 9) realizadas nesa avaliación. O 20% restante obterase a través de rúbricas, listas de cotexo e escalas coas que se avaliará o desenvolvemento diario na aula do alumnado, os traballos e tarefas presentados nas diferentes unidades e as tarefas de consolidación, reforzo ou ampliación que o profesorado propoña dentro de cada avaliación. Esta cualificación, ao igual que a das probas escritas, será numérica, comprendida entre 0 e 10 puntos.

A NOTA DE CADA AVALIACIÓN virá dada, polo tanto, pola seguinte operación.

$$NA_v = 0,80 * NE + 0,20 * NC$$

onde NE representa a media aritmética das cualificacións das probas escritas (ou proxectos, no caso das unidades 7 e 9) de cada avaliación e NC a cualificación obtida no cómputo das tarefas, traballos, proxectos e/ou actividades diarias desenvolvidas polo alumnado.

Aquel alumnado que non obteña unha nota de avaliación (NA_v) igual ou superior a 5 puntos, deberá realizar unha proba escrita a xeito de recuperación nas datas que se comunicarán no seu momento.

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

Aquel alumnado que logo de ser avaliado de toda a materia impartida nas avaliacións, non obtivese unha nota final na materia igual ou superior a 5 puntos, deberá facer un exame final de toda a materia do curso.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Ao final de curso, aquel alumnado, que aínda despois de ser avaliado e cualificado en cada avaliación polos criterios descritos anteriormente, e despois de facer as recuperacións das avaliacións que suspendera no seu momento; terá a ocasión de realizar un exame final sobre a materia de todo o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para poder recuperar esta materia, establécense TRES posibles vías:

A. Realización de boletíns de exercicios e tres exames parciais (novembro, xaneiro e abril)

B. Un só exame final (xuño)

C. Superar a materia de Matemáticas de 2º de ESO

A. A recuperación da materia por parciais farase do seguinte xeito:

1. A materia dividirase en tres partes.

2. No mes de setembro entregaráselle ao alumnado un boletín de exercicios e problemas de repaso correspondentes á 1ª parte da materia, en novembro entregarase o da 2ª parte e en febreiro o da 3ª parte.

3. O profesor da materia de Matemáticas de 2º de ESO supervisará o traballo do alumnado e resolverá as dúbidas que poida ter con respecto á materia pendente.

4. Na primeira quincena do mes de novembro realizarase un exame da materia correspondente á 1ª parte, a finais de xaneiro será o exame da 2ª parte e no mes de abril terá lugar o exame da 3ª parte.

Estas datas poden sufrir pequenas modificacións debido a circunstancias propias do desenvolvemento do curso académico. En caso de habelas, estas modificacións serán comunicadas ao alumnado no seu momento.

Debe terse en conta que:

- Os exercicios destes exames serán similares aos traballados nos boletíns de repaso.
- Para poder realizar cada un destes exames é condición indispensable que o alumando entregue previamente o boletín de repaso desa parte cos exercicios resoltos.
- A cualificación en cada unha destas partes virá dada nun 90% pola cualificación obtida no exame e nun 10% pola entrega do boletín de exercicios e problemas resolto correctamente.

Se un alumno ou unha alumna supera (cualificación igual ou superior a 5) cada unha das tres partes, quedará recuperada a materia pendente. A cualificación nesta materia será a media aritmética das cualificacións en cada unha das tres partes.

B. Durante o mes de xuño fixarase unha data para realizar unha única proba final.

Esta proba terá que realizala exclusivamente aquel alumnado que teña algunha das tres partes na que se dividiu a materia aínda sen superar.

O exame estará dividido en bloques, correspondentes ás tres partes nas que se dividiu a materia, e o alumnado examínase só dos bloques correspondentes ás partes da materia non superadas.

A cualificación final obterase, ao igual que no caso anterior, como a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres partes da materia.

Naquelas partes onde o alumnado tivese que examinarse no exame final, tomarase como cualificación a obtida no bloque correspondente neste exame.

C. A terceira vía para poder recuperar a materia será superar a materia do presente

curso, é dicir, aquel alumnado que aprobe a materia de Matemáticas de 2º de ESO considerárase que recupera a materia pendente de Matemáticas 1º de ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Nos casos do alumnado con NEE especificadas, poranse en práctica os diferntes protocolos proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Neste curso non contamos non ningunha Adaptación Curricular Individualizada.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade								X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde			X	X				X
ET.9 - A formación estética						X	X	
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable			X	X				X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X

	UD 9	UD 10
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial e a creatividade	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	
ET.9 - A formación estética		
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades en proceso de concreción	Actividades en proceso de concreción	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación son eficaces
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Ofrecemento ao alumnado de forma rápida do resultado das probas
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado. Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familias
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia por parte de profesorado

Descrición:

Ademais da avaliación das aprendizaxes do alumnado tal e como nos indica a lexislación vixente os procesos de ensino e a práctica docente deben ser avaliados, para isto, establécense os seguintes indicadores de logro que se valorarán en catro niveis: excelente/ conseguido / mellorable /non acadado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso. Analizaranse fundamentalmente adecuación da secuenciación e da temporalización, o logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación e a adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións, no período entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria e para o alumnado con materias pendentes.

9. Outros apartados